

Manifesto EuroMarchas 2015



Por unha Europa das persoas, digamos que xa abonda á Europa do capital

Cada vez máis persoas, cidadás da chamada Unión Europea, rematan o día despois de perder o traballo ou vendo cuestionados e minguados os dereitos a unha vivenda e a unha saúde dignas, a unha educación igual ou a unhas pensións suficientes. A chamada crise financeira foi a escusa perfecta do capitalismo globalizado para reducir ao mínimo os dereitos cidadáns e desposuír aos pobos da súa soberanía democrática.

Sabemos recoñecer o opresor, o tradicional poder tiránico dos moi ricos, que se transformou hoxe en totalitarismo financeiro sobre a base dos nosos propios aforros xestionados dende os seus bancos; pero tamén aprendemos a coñecer e desenmascarar os políticos que se elixiron para servir ao pobo e non obstante serven ao poder do diñeiro e pactaron antidemocraticamente as normativas europeas co capital e non coa cidadanía.

- Cando os nosos representantes supeditaron a democracia á cobiza dos mercados, haberemos de dicir que xa abonda!
- Cando a Troika nos afoga cunha débeda soberana ilexítima que na súa orixe era dos bancos, priorizando o seu pagamento a calquera gasto social e chegando a sumir pobos, como o grego, na escravitude, haberemos de dicir que xa abonda!
- Cando aos países do sur de Europa se nos negou, mediante a Europa monetaria e o pacto do Euro, a posibilidade de realizar políticas autónomas para combater o insuportable nivel de paro e saír da crise, haberemos de dicir que xa abonda!
- Cando unha maioría de parlamentarios europeos votaron promover un tratado de libre comercio entre EUA e a UE, o TTIP (Acordo Transatlántico para o Comercio e o Investimento) que permitirá ás transnacionais operar á marxe das institucións democráticas e mesmo procesar os gobernos ante tribunais especiais sen control democrático e defender o libre mercado por enriba do interese xeral, haberemos de dicir que xa abonda!
- Cando en Europa existen territorios paraísos fiscais, que posúen normas en beneficio das persoas ricas, grandes capitais e empresas, constituíndo plataformas para a elusión, evasión e

fraude fiscal, para os negocios turbios, a especulación financeira ou o lavado do diñeiro dos corruptos e da criminalidade organizada, haberemos de dicir que xa abonda!

- Cando o noso medio ambiente, os bosques, a atmosfera, os ríos e os mares continúan a súa deterioración sen que se implementen medidas radicais e eficientes para detelo e sen que se respecten determinados acordos e medidas que se estipulan nos cumios internacionais, haberá que dicir que xa abonda!
- Cando seguen sen implementarse políticas eficaces que garantan a igualdade de xénero, erradiquen o machismo e rematen coa violencia contra as mulleres, haberemos de dicir que xa abonda!
- Cando se levantan muros físicos e legais (como a Directiva da Emigración ou da vergoña) a persoas que foxen da guerra, da miseria e da enfermidade; e cando se promoven políticas que auguran unha Europa racista, xenófoba e insolidaria, haberá que dicir que xa abonda!
- Cando esta Europa prioriza os intereses financeiros e de mercado sobre os dereitos humanos e o benestar social, privatizando servizos públicos, transformando os cidadáns en clientes e degradando os dereitos sociais (vivenda, auga, sanidade, educación, dependencia), o que repercute especialmente nos máis vulnerables, haberá que dicir que xa abonda!
- A tan desexada Europa, democrática, igualitaria, social, unida e en paz, que tantos e tantas soñaron tras a Segunda Guerra Mundial frustrouse. O momento actual para a cidadanía e os pobos de Europa é desesperante.

Está claro que estamos nun momento de emerxencia social e cívica no que a democracia é demasiado valiosa para deixala en mans dos mercados. Os gobernos hai tempo que renderon as súas armas ao capital e os medios de comunicación divulgan e aplauden as súas crueis políticas. Chamamos á cidadanía á rebelión cívica contra a ditadura bancaria. Chegou a hora de que a cidadanía asuma o seu papel histórico de rebelión contra a tiranía dos poucos, esixindo outra Unión Europea ao servizo das persoas e non do capital.

Por isto diversos movementos sociais e organizacións políticas e sindicais planificamos unha acción conxunta dos pobos de Europa, as EUROMARCHAS 2015. Entre os días 1 e 17 de outubro de 2015 os pobos de Europa mobilízanse cara a Bruxelas para pedir un xiro radical nas políticas da Unión Europea.

No Estado español, xunto ao resto dos membros da Unión Europea, estémonos organizando para os actos destes días e invitámosvos ás persoas e entidades a participar.

Pola unión da cidadanía europea, contra a Europa do capital e por unha Europa das persoas, democrática, social, ambiental e solidaria.

Participa nas EUROMARCHAS 2015

Xibraltar - Bruxelas do 01 ao 17 de outubro

<http://euromarchas2015.net/>
euromarchas2015@gmail.com

XA ABONDA!, OXI, ENOUGH!
Construamos outra Europa